

AXUDAS AO ALUGAMENTO DE VIVENDAS 2024 - VI483C

Prazo de solicitude: ata o 29 de febreiro de 2024, ou ata o esgotamento dos fondos.
Preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Axudas:

- Ata 50% da renda mensual (sen gastos de comunidade e anexos).
- Ata 60% menores 36 anos, familias numerosas, familias monoparentais, emigrantes retornadas.
- Durante un máximo de 2 anos.

Persoas beneficiarias: maiores idade que cumpran con estas condicións (consultar todas na orde):

- Titulares de contrato alugamento legal, coa referencia catastral e depósito da fianza.
- Empadroadas na vivenda alugadas.
- Máximo da renda mensual das vivendas situadas en Camariñas: 425€/mes, 510€/mes para familias numerosas ou necesidade de vivenda adaptada (noutros concello, as cantidades poden ser diferentes).
- Duración mínima do contrato: 12 meses.
- As rendas totais mensuais das persoas que viven na vivenda sexan igual ou superiores a 0,5 veces IPREM e máximo 3 veces (4 veces para familias numerosas xeral, persoas con discapacidade ou vítimas de terrorismo. 5 veces familia numerosa de categoría especial ou persoas con discapacidade cun grao do 33% ou superior).
- Non ter débedas coas administración.
- Non ser propietaria ou usufrutuaria doutra vivenda (excepcións na orde).
- Non poden ter parentesco en primeiro grado de consanguinidade ou afinidade coa persoa arrendadora.

Xustificación da axuda: envío de extractos ou certificados bancarios antes do día 10 de cada mes.
(habitualmente, a axuda recíbese un ano despois da xustificación)

Máis información:

- Instituto Galego de Vivenda e Solo da Coruña 981 184 801 - alugacoruna@xunta.gal
- Área de Desenvolvemento Local do Concello de Camariñas. Cita previa no 981 73 70 04
- DOG Núm. 8, xoves 11 de xaneiro de 2024.